

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PIANO, 1º CURSO CUADRIMESTRES I e II
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: PIANO CUADRIMESTRES I-II											
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN								ITINERARIOS:	PIANO	
CARÁCTER:	DISCIPLINA OBRIGATORIA								TIPO DE CLASE:	INDIVIDUAL	
DEPARTAMENTO:	PIANO								XEFE DE DPTO.:	Rosa-María García Barcia	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		Rosa-María García Barcia			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5	
ECTS/CUAD.	9	9	9	9	10	10	10	12	Observacións:		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								TITORÍA		EMAIL/TEL/WEB
	Javier Ares Espiño								Luns 13:00-14:00		javieraresespinho@gmail.com
	Rosa-María García Barcia								Venres 8:00-9:00		garciabarcia@yahoo.es
	Julio Mourenza Torreiro								Martes, 16:30-17:30		juliomourenza@gmail.com
	Elisa Timiraos Ferreiro								Xoves 9:00-10:00		elisatimi2@gmail.com

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR: Síntese e dominio das dimensións da interpretación musical pianística e do repertorio do instrumento. Desenvolvemento dun estilo propio como intérprete e da madurez creativa, con hábitos e técnicas de estudo adecuados e valorando criticamente o traballo. Preparación adecuada para a interpretación en público e das técnicas de control postural e emocional.	
COÑECEMENTOS PREVIOS: Aqueles que están implícitos na proba de acceso.	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X19, X21, X24, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
Ver a listaxe e a descrición de competencias no DECRETO 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Adquirir os recursos pianísticos que posibiliten a correcta execución do repertorio.	T1, T3, T6, T13, X1, X3, X6, X8, X11, X21, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
2. Interpretar de memoria obras de diferentes estilos atendendo ás convencións interpretativas de cada un deles	T1, T3, T6, T13, X1, X3, X6, X8, X11, X21, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10
3. Adquirir as ferramentas necesarias que permitan ao alumno formarse e progresar en calquera dos ámbitos da especialidade	T1, T3, T6, T13, X19, X24, X25



4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS	
		C I	C II
Estudios pianísticos	1.- Lectura, análise e proceso inicial de traballo. 2.- Traballo específico de todos os elementos musicais e resolución de problemas técnicos e interpretativos. (Pulsación rítmica. Articulación. Precisión de ataques. Equilibrio sonoro. Timbre. Unidade expresiva). 3.- Memorización da obra. 4.- Interpretación en público de memoria (Desenvolvemento da capacidade de distribución de enerxía e concentración ao longo da actuación. Técnicas de relaxación. Aprendizaxe de conduta adecuada no escenario).	5	-
Obra barroca	1.- Lectura, análise e proceso inicial de traballo. 2.- Traballo específico de todos os elementos musicais e resolución de problemas técnicos e interpretativos. (Pulsación rítmica. Articulación. Precisión de ataques. Equilibrio sonoro. Timbre. Unidade expresiva). 3.- Memorización da obra. 4.- Interpretación en público de memoria (Desenvolvemento da capacidade de distribución de enerxía e concentración ao longo da actuación. Técnicas de relaxación. Aprendizaxe de conduta adecuada no escenario).	5	-
Obra clásica	1.- Lectura, análise e proceso inicial de traballo. 2.- Traballo específico de todos os elementos musicais e resolución de problemas técnicos e interpretativos. (Pulsación rítmica. Articulación. Precisión de ataques. Equilibrio sonoro. Timbre. Unidade expresiva). 3.- Memorización da obra. 4.- Interpretación en público de memoria (Desenvolvemento da capacidade de distribución de enerxía e concentración ao longo da actuación. Técnicas de relaxación. Aprendizaxe de conduta adecuada no escenario).	4	4
Obra romántica	1.- Lectura, análise e proceso inicial de traballo. 2.- Traballo específico de todos os elementos musicais e resolución de problemas técnicos e interpretativos. (Pulsación rítmica. Articulación. Precisión de ataques. Equilibrio sonoro. Timbre. Unidade expresiva). 3.- Memorización da obra. 4.- Interpretación en público de memoria (Desenvolvemento da capacidade de distribución de enerxía e concentración ao longo da actuación. Técnicas de relaxación. Aprendizaxe de conduta adecuada no escenario).	-	5
Obra postromántica	1.- Lectura, análise e proceso inicial de traballo. 2.- Traballo específico de todos os elementos musicais e resolución de problemas técnicos e interpretativos. (Pulsación rítmica. Articulación. Precisión de ataques. Equilibrio sonoro. Timbre. Unidade expresiva). 3.- Memorización da obra. 4.- Interpretación en público de memoria (Desenvolvemento da capacidade de distribución de enerxía e concentración ao longo da actuación. Técnicas de relaxación. Aprendizaxe de conduta adecuada no escenario).	-	5
Actividades de reforzo/ampliación		2	2
TOTAL SESIÓNS:		16	16
VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 9.1			

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS		HORAS NON PRESENCIAIS		TOTAL HORAS	
	C I	C II	C I	C II	C I	C II
Actividades introdutorias: Realizar unha toma de contacto co alumno e coas posibilidades en función do programa a interpretar no curso.	1,5	0	0	0	1,5	0
Exposición práctico-teórica: Realizar un traballo pedagóxico na aula en que o papel do profesor é o de guía, propoñendo situación e contextos que favorezan que os alumnos progresen e acaden un nivel de competencia axeitado.	22,5	24	0	0	22,5	24
Práctica individual: Estudar o programa do cuadrimestre seguindo as directrices proporcionadas polo seu profesor.	0	0	214	214	214	214
Actividades complementarias: Participar nas audicións así como en outras actividades organizadas polo Departamento de Piano ou por outros departamentos.	10	10	18	18	28	28
Titorías:	2	2	0	0	2	2
Actividades de avaliación:						
1. Probas	1	1	0	0	1	1
2. Revisión de probas	1	1	0	0	1	1
TOTAL HORAS:					270	270
VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 9.2						

6. AVALIACIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
---------------------------	-------------------------	------------------------	-------------



6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)

Asistencia a clase e traballo semanal	-Asistencia a clase. -Preparación e progreso das obras a traballar. -Actitude en clase.	EI1,EI2,EI4,EI5,X8, X11,X21,X24,X25,T 1,T3,T6	40%
Interpretación de memoria en audición pública organizada polo departamento de piano de todo o repertorio do cuadrimestre	-Dominio técnico -Solidez interpretativa -Comportamento escénico	EI10,X1,X3,X6,X19, T13	60%

6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)

Asistencia a clase e traballo semanal	-Asistencia a clase. -Preparación e progreso das obras a traballar. -Actitude en clase.	EI1,EI2,EI4,EI5,X8, X11,X21,X24,X25,T 1,T3,T6	40%
Interpretación de memoria en audición pública organizada polo departamento de piano de todo o repertorio do cuadrimestre	-Dominio técnico -Solidez interpretativa -Comportamento escénico	EI10,X1,X3,X6,X19, T13	60%

6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Para os alumnos que superen as 3 faltas de asistencia

Interpretación de memoria en audición pública organizada polo departamento de piano de todo o repertorio do cuadrimestre	-Dominio técnico -Solidez interpretativa -Comportamento escénico	Todas as competencias recollidas neste documento	100%
--	--	--	------

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Interpretación de memoria en audición pública organizada polo departamento de piano de todo o repertorio do cuadrimestre	-Dominio técnico -Solidez interpretativa -Comportamento escénico	Todas as competencias recollidas neste documento	100%
--	--	--	------

VER OBSERVACIÓNS: PUNTO 9.2

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS *

DESCRICIÓN

CRITERIOS E PAUTAS

Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Referencias básicas.
 - Luca Chiantore, *Historia de la Técnica Pianística*, Alianza Música, Madrid, 2001
 - Denis Levaillant, *El Piano*, Editorial Labor, Barcelona, 1990
 - Heinrich Neuhaus, *El arte del Piano*, Real Musical, Madrid, 1987
- Referencias complementarias.
 - Piero Rattalino, *Historia del Piano*, Idea Books, Barcelona, 2005
 - Harold C. Schonberg, *Los Grandes Pianistas*, Javier Vergara (Ed.), Buenos Aires, 1990



9. OBSERVACIÓN

9.1. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

9.1.1.- Durante os dous cuatrimestres que forman o primeiro curso é obrigatorio interpretar un programa mínimo formado polas seguintes obras musicais: un estudo, unha obra barroca, unha obra clásica, unha obra romántica e unha posromántica.

9.1.2.- En todo caso, é esixible a interpretación dunha forma grande: suite, sonata ou variacións independentemente do estilo ao que pertencen.

9.1.3.- As sesións adicadas aos diversos temas dos contidos non representan compartimentos estancos nin un número fixo de sesións, se non que son meramente orientativas e quedan a discreción do profesor.

9.1.4.- Cada profesor decidirá libremente a orde das obras a traballar e o cuatrimestre no que se traballarán en función das necesidades do alumno.

9.2. AVALIACIÓN

9.2.1.- En calquera das ferramentas e en calquera dos tipos de avaliación a interpretación do repertorio será obrigatoriamente de memoria. Excepcionalmente, poderán tocar unha obra con partitura.

9.2.2.- As obras de varios movementos deberán ser interpretadas completas nalgunha audición de departamento dos dous cuatrimestres.

9.2.3.- O alumno que opte a Matrícula de Honra tocará na audición do cuatrimestre e serán os membros do departamento os que decidan o que corresponda.

CSM.A CORUÑA CURSO 2024-2025